

A INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON NECESIDADES ESPECIAIS COMO FILOSOFÍA EDUCACIONAL: Un Punto De Vista Desde Portugal

Vitor da Fonseca

*Profesor do Departamento de Educación Especial e Reabilitación da Universidade
Técnica De Lisboa*

Simposio Internacional

"A RESPOSTA EUROPEA ÁS PERSOAS CON NECESIDADES ESPECIAIS"

Vigo, do 21 ó 23 de outubro de 1994

Organizado por QUINESIA

RESUMEN

El autor procura situar la perspectiva histórica de la integración, enfatizando los conceptos de diversidad, de heterogeneidad y de inserción social, profundizando posteriormente en los conceptos de individualización e de interacción, denunciando las prácticas pedagógico-terapéuticas basadas en la normalidad y en la homogeneidad ideal.

Partindo del concepto de que ningún individuo es ineducable, el autor aborda los conceptos de integración situacional, social y funcional, presentando algunas perspectivas de cambio desde estrategias menos restrictivas a más restrictivas en función de la severidad de las necesidades, sugiriendo una pirámide de integración en términos de innovación organizativa de la escuela y en términos de implementación y planificación de un Plan Educativo Individualizado.

ABSTRACT

The author tries to place the historic perspective of integration, emphasizing concepts such as diversity, heterogeneity and social insertion, to deepen later in the concepts of individualization and interaction, criticizing a pedagogical and therapeutical practice based on normality and ideal homogeneity.

Beginnig with the concept that nobody is uneducable, the author will undertake the concepts of situational, social and functional integration, presenting some perspectives of change from less to more restrictive strategies depending on the needs, suggesting an integration pyramid in terms of organizative innovation in schools and in terms of implementation and plannig of on Individualized Plan of Education.

A INTEGRACIÓN COMO FILOSOFÍA EDUCACIONAL

No pasado, a sociedade interpuxo case sempre obstáculos á integración das persoas deficientes.

Receos, medos, supersticións, frustracións, exclusións, separacións, etc. constitúen, lamentablemente, varios exemplos históricos que aconteceron desde Esparta ata a Idade Media.

A actitude desenvolvida ata entón, marcada por principios e valores socioculturais, caracterizábase por excluír ós deficientes do seo da sociedade. En suma, "lonxe da vista e lonxe do pensamento".

O ideal platónico chegou ata o punto de afirmarse o seguinte: "As mulleres dos nosos militares pertencen á comunidade, así como os seus fillos, e ningún pai coñecerá ó seu fillo e ningún rapaz ós seus pais. Funcionarios preparados faranse cargo dos fillos dos bos pais, colocándoos en certas institucións de educación, pero os fillos dos inferiores, ou dos mellores cando sexan deficientes ou deformados, serán abandonados, nun lugar misterioso e descoñecido, onde deberán permanecer".

Esta afirmación, repugnante desde o punto de vista ético e humano, segue vixente hoxe en día na mente dos responsables das políticas de educación, vivenda, recreo, transportes, emprego, etc. Para mostrar esta situación bastará con sinalar a loita levada a cabo por nós a prol da integración plena e total dos deficientes.

A integración é unha preocupación humana que necesita, principalmente, de respostas humanizadas que obviamente se reflecten e reflectirán no presente e no futuro dos seres humanos. Seres humanos que, independentemente das súas condicións e potenciais, teñen dereito ás mesmas oportunidades de inserción, inclusión e realización psicosocial.

A política da segregación, da separación ou da exclusión é antihumana na medida en que a condición de ser "deficiente" é inequivocamente unha probabilidade da condición de "non deficiente". En certa forma, todos os seres humanos posúen a xénese da deficiencia, motivo polo cal a política do futuro, en termos de integración, deberase orientar cara ó antirrexeitamento, ou sexa, haberá que adoptar unha política de integración onde o rexeitamento e a exclusión sexan iguais a cero.

Son urxentes, pois, non só novas actitudes, senón tamén novas formas de intervención. Non é suficiente con actuar ó nivel das actitudes, é fundamental intervir tamén ó nivel das conductas. Son precisas máis accións que intencións, máis interaccións que manifestacións altruístas e caritativas.

Cando falamos de integración, no fondo, queremos dicir interacción, é dicir, interacción entre os "deficientes" e os non "deficientes". Só cando se consegue unha interacción constante entre os "deficientes" e "os non deficientes" se pode falar dunha política educacional de integración. Ningunha razón humana e científica pode afirmar que a mellor educación dos deficientes pasa pola súa separación dos "non deficientes".

A loita contra a separación, en termos educacionais, é, en certa medida, a primeira fase dunha política de integración, pois non basta con garantir un sistema de ensino exclusivo,

denominado especial, só porque está física e humanamente separado do ensino denominado regular. Hoxe en día xa se acepta que os deficientes sexan educados, e para chegar ata este punto foi necesario loitar moito polos dereitos humanos, pero ademais é e será necesario seguir traballando máis neste campo. Sen embargo, esa educación non pode seguir realizándose á parte da educación regular ou normal. Educar en guetos ou en lugares illados (vulgo "clases especiais") é, en certa maneira, deseducar, na medida en que se asume que os deficientes non teñen posibilidades de aprender.

Non se debe educar ós deficientes adoptando a política "lonxe da vista, lonxe do corazón". O futuro da integración, como filosofía educacional, preconiza, ó noso entender, a acción contraria, é dicir, "preto da vista e preto do corazón".

A integración comprende un valor constitucional que debe consolidar a aceptación da diferenza humana. Pero ese valor constitucional terá que respectar a diversidade cultural e social e, paralelamente, a unidade da persoa humana.

Ningún sistema de ensino poderá "impor" unha homoxeneidade ou normalidade ideal. Esta "discusión de competencias" foi e é a preocupación de réximes alienados. A estandarización do "rendemento", da "eficacia", da "precisión", do "aproveitamento" ou do "programa único" non é compatible cunha política de integración plena.

Para facer posible unha política de integración é fundamental que se amplíen as oportunidades educacionais. Os programas e os currículos terán que ser necesariamente diferentes, co fin de que sexan adaptados ás necesidades educacionais específicas dos nenos deficientes. A filosofía e o fundamento científico que presidirán a elaboración do deseño curricular deberán respectar os estilos e os biorritmos preferenciais de cada neno, é dicir, deberán adoptar unha filosofía centrada na semellanza diferenciada e non na semellanza indiferenciada que caracteriza os programas escolares vixentes.

A integración non pode seguir baseando a súa acción en boas intencións, que moitas veces esconden actitudes de caridade, resignación e compaixón. A integración supón unha acción a prol dos dereitos humanos e cívicos, tendente a modificar a esencia e a estrutura da propia escola.

A escola terá que adaptarse a todos os nenos, ou mellor, á variedade humana. Como institución social non poderá actuar no sentido inverso, rexeitando, afastando ou segregando a "aqueles que non aprenden como os outros", baixo pena de se negar a si mesma. Non se pode continuar defendendo que ha de ser o neno o que se adapte ás esixencias escolares, senón o contrario. Efectivamente, a escola, ou mellor, o sistema de ensino, non pode seguir excluindo sistematicamente ós rapaces deficientes, identificándoos coa desgracia, etiquetándoos cunha doenza incurable ou marcándoos cun sinal de inferioridade permanente.

As estruturas educacionais non poden parecerse a reservas ou guetos, ou sexa, a "clases especiais" ou a "institucións especiais". O futuro de tales estruturas deberá orientarse na edificación de proxectos educacionais o menos restrictivos posible. A escola, na perspectiva da integración, tenderá a adoptar, polo tanto, a filosofía da heteroxeneidade.

Facer das "clases especiais" o "depósito dos incompetentes" ou o "circo dos parviños" é a proba clara da incompetencia do propio sistema de ensino, que basea os seus mecanismos

selectivos e reproductivos no mito da uniformidade cultural. Nós pensamos que as "clases especiais" son unha burla, pois son máis numerosas que eficaces.

O sistema de ensino terá que considerar o deficiente como un ser humano posuidor dun potencial de aprendizaxe, dun perfil intraindividual e dun repertorio de comportamentos que teñen que ser maximizados e optimizados polo propio proceso educacional.

O neno deficiente é intrinsecamente un rapaz cunha natureza que debe ser respectada. O conxunto das súas características de aprendizaxe debe ser sensato e profundamente estudado, co fin de adaptar o ensino ás súas capacidades potenciais. De feito, non podemos esquecer que todos os individuos, deficientes ou non, son superdotados medios ou subdotados, segundo as tarefas que lles son propostas. De aí que moitas tarefas sexan desempeñadas e realizadas polos deficientes dunha forma superior, incluso cando son comparados interpersoalmente cos non deficientes.

A integración, polo tanto, persegue un cambio de rumbo, é dicir, pretende restituír o neno deficiente á "clase regular". "Clase regular" con apoios, recursos, programas integrados, procesos de avaliación, profesores con novas actitudes e competencias, etc.

Teremos que aceptar, dentro dunha filosofía educacional, que ningún neno deficiente pode ser considerado ineducable (salvo unha porcentaxe reducida). Por iso, o mellor lugar para educalo é o local onde todos os outros nenos aprenden. Na "clase regular" non só se aprende sen estigma, senón que probablemente por esta razón se aprenderá mellor, xa que, obviamente, a integración comprende un novo sistema organizacional.

Tal sistema terá que romper coas fronteiras da educación regular e da EE, non só en termos conceptuais, senón que tamén en termos humanísticos.

A "clase regular" e a "escola regular" terán que ampliar e expandir as oportunidades de aprendizaxe a todos os nenos, incluíndo os deficientes. Só así se pode integrar un maior número de nenos. Novos programas, novos currículos, novas funcións para os profesores das clases regulares, novos contidos na súa formación, novos soportes, novos procesos de colaboración entre técnicos, etc. son algúns dos sectores de desenvolvemento educacional que o concepto de integración arrastra consigo.

A "escola regular" necesita ser máis inclusiva, provocando e "negociando" no seu seo métodos de inclusión progresiva ata a inclusión total, aínda que sexan necesarios dez ou vinte anos.

A escola regular debe fomentar a apreciación e o respecto polas diferencias entre os nenos, acomodalos no seu proceso e servilos o mellor posible.

A integración é en si un movemento de innovación do sistema de ensino. Considerala unicamente como unha desculpa sociopedagóxica é pouco. A integración é, efectivamente, un paso máis de todo o proceso de innovación educacional, que urxe edificar. Visto que persegue un maior número de oportunidades e unha maior capacidade de acomodación dos nenos con necesidades especiais, a integración deberá levarse a cabo cando tales recursos pedagóxicos sexan posibles e viables.

En certa forma, a integración, vista desde a perspectiva de innovación, constitúe unha arte

e unha ciencia da individualización do ensino.

A adaptación do ensino ó educando, ou mellor, á súa aprendizaxe, aínda que fose, desde hai moito, o slogan dos educadores, está aínda lonxe de ser aplicada nas nosas escolas.

Quintiliano (95-35 a.C.), célebre orador romano, xa afirmaba sobre este asunto: "os aprendices teñen características diferentes e os profesores deberán adecuar os seus métodos de ensino".

Analogamente, tamén a finalidade inicial do test de intelixencia de Binet (1905) tiña como finalidade a educabilidade máxima do suxeito observado, é dicir, co test pretendíase identificar os estudantes que precisasen de diferentes procesos de instrucción. Desgraciadamente, o test realizouse como un sistema clasificador e non como un sistema educacional adaptativo. Nunha perspectiva de integración os tests psicolóxicos deberán ser considerados como puntos de partida dunha nova orientación pedagóxica, pretendendo fundamentalmente o éxito na aprendizaxe do suxeito. Nos nosos días, os modelos pedagóxicos da "análise de tarefas" (task analysis) e do "diagnóstico educacional" (diagnostic teaching) están a superar a irrelevancia prescritiva que é característica de moitos tests de avaliación, adoptados acriticamente no ensino especial.

A investigación pedagóxica xa demostrou que a resposta á instrucción é diferente de neno a neno e de profesor a profesor, pois non se debe esquecer que os profesores son igualmente tan diferentes coma os seus educandos. Ante certas condicións de ensino non xorden problemas, mentres que ante outras dificultades de aprendizaxe si que proliferan. O proceso ensino-aprendizaxe é moito máis complexo do que parece a primeira vista. Estamos aínda lonxe de saber cales son os principios psicopedagóxicos que gobernan as condicións exteriores -ensino- e as condicións interiores -aprendizaxe- do proceso. A investigación neste dominio é urxente, na medida en que pode facilitar a utilización de procesos de individualización, así como dos procesos de integración.

Ante métodos de recitación utilizando como base a memoria, moitos nenos séntense frustrados na aprendizaxe. Ante métodos deductivos e creativos a base da organización de datos, outros nenos séntense igualmente inadaptados. Non se pode, polo tanto, seguir esperando que sexan os alumnos os que se adapten ás esixencias das tarefas ou dos métodos escolares. Polo contrario -e aquí sobrenténdese o papel innovador da integración-, a escola e os seus axentes deberán realizar esforzos para adaptar as tarefas escolares ó nivel básico adaptativo evidenciado polos educandos. Os mesmos métodos poden dar lugar a resultados pedagóxicos diferentes, razón pola cal, en termos de integración, se debe atender prioritariamente ó neno e só posteriormente ó método ou métodos que no momento parezan máis adecuados. Non debemos esquecer nunca que cando melloramos a instrucción para un neno, tamén a empeoramos para outros.

A individualización, como sinónimo dun proceso de integración, reúne simultaneamente novas actitudes, novos procesos de instrucción e novos procesos de interacción e de reforzo. Novas actitudes que permitan solucionar o problema, visto que hai sempre un medio de superación; aquí as expectativas deberán ser necesariamente positivas. Novos procesos de instrucción, xa que se deberán ter en conta a presentación dos estímulos e o modelo da información que se desexa ver tratada e transformada polo educando. Novos procesos de interacción e de reforzo no sentido de fomentar, apoiar e valorar o esforzo do educando, mantendo os seus procesos motivacionais imprescindibles para o éxito na

aprendizaxe.

En resumo: o segredo da aprendizaxe para algúns nenos é descender ó nivel de esixencia da instrucción e non esperar a que o seu nivel de realización suba.

Nas novas escolas os programas e as estruturas do ensino deberán permitir que uns nenos evolucionen lentamente e outros rapidamente, sen que reciban estigmas ou etiquetas de inferioridade ou superioridade.

Os educandos que aprenden con facilidade adáptanse mellor a modelos de instrucción significativos. Polo contrario, os educandos que aprenden con dificultade aprenden mellor con modelos máis sistematizados (Orton, Mckye e Rainey, 1964).

A instrucción individualizada, condición esencial do proceso de integración, esixe máis esforzos do sistema de ensino e dos propios profesores. Necesítase máis rigor na planificación das tarefas e das adquisicións, ordenando progresivamente e secuencializando xerarquicamente, por graos de dificultade, as distintas unidades e subunidades que compoñen os programas. Máis flexibilidade nos programas, recorrendo a simplificacións de tarefas e subtareas e utilizando un maior número de procesos de transferencia de aprendizaxe coa axuda de fichas de traballo e programas máis adecuados e estruturados.

Non se pode avanzar nos programas sen ter un mínimo de preocupación polos niveis de comprensión revelados polos educandos. A individualización e a caracterización peculiar do potencial intraindividual de aprendizaxe deben controlar máis eficazmente a operacionalidade do proceso ensino-aprendizaxe. A integración é, polo tanto, unha filosofía educacional que encerra un dinamismo e un proceso pedagóxico propios. A integración é unha alternativa xenuína dos programas escolares tradicionais, moitos deles elaborados sen fundamentos ou preocupacións científico-pedagóxicos.

A integración, vista desde esta perspectiva, reúne múltiples actitudes, que comezan polo respecto ás variables de personalidade de cada educando, ademais de considerar o seu estilo de aprendizaxe. Existe unha preocupación maior por estes aspectos que polo resultado ou o cociente obtido nos exames ou nos tests.

A integración pretende, no fondo, como arte da individualización do ensino, perfilar as dificultades ou compensar as áreas fracas do educando. Constrúe actitudes e destrúe (outras) inactitudes. Optimiza áreas fortes e alixeira e compensa áreas fracas, ou sexa, pretende iniciar e reiniciar a intervención pedagóxica pola capitalización das áreas fortes do educando. Pretende, por conseguinte, utilizar as capacidades que os nenos (deficientes ou non) xa posúen, ou que demostran, maximizando sen vacilación as súas cualidades e competencias. Se aumentamos o capital das áreas fortes dos nenos, tamén se amplían os seus procesos de información e, a través dese procedemento, entón pódense abordar as áreas fracas.

En resumo: falar de integración é falar de novas alternativas e de novas vías, o que nos leva ó desenvolvemento educacional e ó progreso científico-pedagóxico.

A integración, como filosofía educacional, supón a adopción de métodos específicos para cambiar: sistemas de ensino, sistemas de avaliación, sistemas de clasificación, programas,

actividades, etc. Para chegar a este proceso, a integración terá que basearse en estudos e investigacións que permitan soportar e valorar os esforzos e as accións de integración obxectivamente.

Para pasar dos "centros illados e residenciais" á "clase regular", o sistema de ensino terá que innovarse substancialmente, traspasando a dicotomía dos nenos non deficientes (preto do 90%) e dos nenos deficientes (preto do 10%). Non se poderá seguir asumindo que estes dous tipos de nenos son diferentes na súa natureza e distintos na súa aprendizaxe. É falso e displicente supor que os nenos deficientes non dispoñen da capacidade de aprendizaxe. Neles a disposición é outra, máis lenta e diferente, pero iso non quere dicir que tal condición estea extinta ou ausente.

A integración, observada desde esta óptica, sométese a un gran desafío, desafío no que se sitúa o sistema de ensino en xeral e o sistema de formación de profesores en especial.

Non nos imos referir aquí á formación de profesores, en vista de que nalgunha parte(1981) publicamos xa algo sobre o tema. Sen embargo, é urxente preparar os profesores (todos os profesores sen excepción) para aceptaren as diferencias individuais dos nenos deficientes. É urxentísimo prepararlos para enfrentaren as súas necesidades individuais e peculiaridades e prepararlos para abandonar os tradicionais "medos", equipándoos con recursos educacionais innovadores e con modelos pedagóxicos experimentais.

Os nenos deficientes non son unha ameaza para os nenos non deficientes só porque se pensa que os profesores teñen que ofrecerlles máis atención. Os nenos deficientes son diferentes, pero forman parte da poboación escolar, na medida en que se desexa que eles sexan tratados da mesma maneira, en termos educacionais. Enclaustrando os nenos deficientes en clases especiais illadas, non se lles proporcionan as mesmas oportunidades, converténdolos así en "dinosaurios culturais", valla a expresión.

Como é sabido, mantendo os nenos deficientes apartados das clases regulares, serán ignorados. Nas "clases especiais" os nenos deficientes están simplemente encarcerados e presos en "lugar seguro", é dicir, son illados fóra do ámbito escolar e social, o que, en si, constitúe unha descarada negligencia e un deshumano rexeitamento. Esta filosofía deséxase cambiar co movemento de integración.

Combatendo a actual EE coa integración que aquí propomos, poderanse superar os orzamentos insuficientes, a incapacidade dos profesores, a pobreza das instalacións, case sempre mal equipadas, a falta de materiais didácticos e a arbitrariedade dos procesos de diagnóstico que a caracterizan.

A EE deberá dar lugar á integración a través dun proceso de inclusión progresiva, motivo suficiente que esixe a realización de esforzos firmes e intensivos cos propios profesores do ensino regular.

Primeiro na súa formación, despois ofrecéndolles apoios materiais e loxísticos, medios de avaliación dos nenos e dos obxectivos pedagóxicos específicos, medios para avaliar a eficiencia dos programas, etc. Para que se leve a cabo a integración, é necesario proveer ós profesores do ensino regular con novas actitudes, con novas adquisicións e novas competencias. Ó noso entender, sería desastroso facer a integración esquecendo os profesores do ensino regular. Os seus medos e supersticións poderían transformarse en

obstáculos inamovibles, que impedirían o avance do movemento de integración.

A integración só terá éxito se cambia todo o sistema de ensino. Teranse que crear servicios adecuados, superar a pobreza do equipamento escolar e os procesos arbitrarios de diagnóstico e de clasificación, intensificar a innovación dos procesos de formación dos profesores, etc.

Se a integración fose unha realidade, adoptando un proceso de cambio, as "clases especiais" desaparecerían e a segregación e a discriminación pertencerían á historia.

A integración é, consecuentemente, imperativa, pois pasa polo recoñecemento efectivo de que todo neno é especial. Ante a lei, o neno (deficiente ou non deficiente) require protección e respecto polas súas necesidades; por iso o sistema de ensino deberá garantir programas máis adecuados, máis integrados, ou sexa, máis normalizados.

O sistema de ensino debe pensar máis na calidade que na cantidade de ensino. Os programas máis integrados e individualizados non son un luxo, son unha necesidade do movemento de integración.

A integración é un desafío á capacidade creativa dos profesores e dos técnicos de educación. Para iniciar un movemento de integración é necesario que exista un sentimento profundo do que é posible. Hellen Keller é só un exemplo. Precisamos de moitos máis.

Se non hai ningunha razón para segregar os seres humanos por motivos de idade, sexo, relixión ou pola cor da pel, tampouco debe habela no que respecta á capacidade de aprendizaxe. Non hai ningún dereito humano que o xustifique.

Os nenos deficientes, máis tarde adultos deficientes, non poden seguir sufrindo as consecuencias da separación e da segregación. Por iso a súa educación debe ser pensada, de agora en diante, en termos da integración.

Non debemos apartar os nenos deficientes das clases regulares. Só os separamos en lugares illados ("institucións", "clases especiais", etc.) cando o sistema de ensino é insuficiente e insatisfactorio.

Dicir que os deficientes deben ser educados cos non deficientes non é o mesmo que dicir que deben ser educados da mesma maneira. Non é suficiente con concederlles a igualdade de oportunidades. É urxente reducir a separación.

O fatalismo das "clases especiais" debe dar lugar a alternativas máis interesantes e pedagóxicas. A infalibilidade da orientación - aquí entendido no mal camiño- debe dar lugar a novos modelos de organización que faciliten a normalización.

Os modelos prusianos con programas únicos de homoxeneidade cognitiva deberán ser desterrados das escolas do futuro, que deberán reflectir estilos de vida máis diversos e valores máis heteroxéneos.

A EE, en suma, non pode ser unha educación desigual considerada á parte da educación regular. Continuar na proliferación de servicios, de estruturas, de equipamentos, de profesores, só converte á EE máis burocrática e custosa. Ó contrario, o movemento de

integración que estamos a abordar sería un reforzo das facilidades educacionais existentes que, obviamente, resultarían máis positivas para toda a poboación escolar. A solución do problema, por máis que custe a moitos responsables, está na escola regular, propoñendo sistemas educacionais inclusivos.

A educación alternativa debe levarse a cabo dentro da escola e non fóra dela. Neste aspecto a organización escolar dinamízase, permitiéndolle dar resposta ás necesidades dos nenos deficientes. A escola podería ofrecer máis obxectivos comportamentais, máis instrucións programadas, máis procesos de xestión motivacional, máis currículos adecuados, máis materiais didácticos, máis axudas pedagóxicas, máis procesos de identificación precoz, máis e mellores medios de avaliación das necesidades educacionais dos nenos, etc.

Aínda que moitos profesores sexan escépticos e resistentes á integración de nenos deficientes ou diferentes, porque esperan que fallen con frecuencia (self-fulfilling prophecy) e aínda que a organización tradicional das escolas por clases ou grupos dificulte a integración, todos os esforzos deberán ser desenvolvidos con perseverancia naquel sentido, independentemente de que sexa necesario moito tempo para acadalo. Algúns países, como Suecia, levan dez anos de prolongados esforzos; outros continúan desde hai decenas de anos a desenvolver iniciativas e alternativas de integración, como Inglaterra e Estados Unidos. O proceso de integración non é fácil nin simple, aínda que non convén perder máis tempo con accións de integración tímidas e irrelevantes.

A integración como filosofía educacional non se defende ideoloxicamente. Trátase dun realismo social e dunha xustiza social á que o sistema de ensino non pode continuar alleo, baixo pena de se anquilosar, cando o que se pretende é que produza avances substanciais en varios campos da actividade humana.

Coa integración, o sistema de ensino servirá a toda a poboación escolar, introducirá modificacións no seu seo, reexaminará os valores e os obxectivos da educación, proporcionado éxito a máis nenos, avaliará e preservará semellanzas e diferencias dos diversos valores culturais, etc.

A integración non pode avanzar coa inmovilidade do sistema educacional nin con solucións ou accións simplistas. Incorporando a integración no proceso da educación regular, expáñdense os horizontes do seu sistema, isto é, a educación pública gratuíta faise máis universal.

En conclusión, a integración reclama o dereito de todos os nenos a ser aceptados pola escola pública, a pesar do aspecto atípico que presentan en termos de aparencia, capacidade ou comportamento.

A integración implica un cambio drástico do sistema de ensino. Vexamos superficialmente algúns dos seus parámetros.

No pasado, a EE e toda a súa superestructura sinalaba co dedo para o neno deficiente. No futuro, probablemente, teremos que sinalar cara ó sistema de ensino. Novas solucións para novos problemas deberán facelo máis plástico e autocorrectivo, co fin de garantir a inclusión progresiva da EE na educación regular.

Nós cremos que a integración debe converterse nun instrumento que facilite o cambio

educacional, permitindo que a escola normal sexa o local lexítimo para satisfacer as necesidades educacionais dos nenos que son diferentes. Novas estratexias e novos modelos integrados de innovación deberán comprender a nova alternativa, compensando os efectos de condicións sociais inferiores desfavorecidas e combatendo as categorizacións e rotulacións inconsecuentes no plano educacional.

A integración reflectirá unha medida e unha filosofía democrática de igualdade de acceso a servizos, recursos e institucións. Como proceso antidiscriminativo, a integración ten como fin programar para cada neno obxectivos pedagóxicos concomitantes coas súas necesidades e desexos, eliminando etiquetas e individualizando os seus problemas. É, nunha última análise, unha transición para novas funcións, novas estratexias, novos servizos, novos recursos, etc.

A integración consiste en educar os nenos deficientes nas clases dos non deficientes. Para isto necesítase individualizar programas, formar profesores, aplicar novos procesos, sistematizar os recursos, planificar as accións, avaliar as intervencións, etc.

A integración é un todo. Parte do concepto de nenos especiais cara ó concepto de situacións especiais, creando novas prioridades de formación, de práctica pedagóxica e de investigación. Ademais destes vectores de desenvolvemento, a integración debe estar atenta ós estudos de organización e modificación de comportamento, de desenvolvemento humano, de análise de sistemas de deseño curricular, de actitudes dos profesores, de actitudes dos pais e compañeiros, de modelos de éxito escolar, etc.

A integración esixe un sistema aberto de apoio que proporcione permanentemente a cooperación de especialistas, apoiados en recursos e estratexias de instrución de prácticas pedagóxicas eficaces. Estes contactos poderán ter lugar en servizos especiais, pero só por curtos períodos de tempo e unicamente cando sexa absolutamente necesario, restituíndo e remitindo a continuidade das intervencións á propia escola regular.

Finalmente, a integración como filosofía educacional ten que:

- a) Cambiar o sistema de orientación, a xestión dos currículos, as estratexias de instrución, as funcións dos profesionais intervinientes, as variables do marco sociopedagóxico, etc.
- b) Crear programas de prevención, de intervención de reeducación, de formación de investigadores, etc.
- c) Modificar procesos de diagnóstico, de identificación precoz, de prescrición, etc.
- d) Reforzar o proceso continuo, os programas de éxito e precisión e eficacia de programas individualizados de ensino, etc.

Dunha actitude "lonxe da vista, lonxe do corazón", a integración, como filosofía educacional e social, vai esixir que os deficientes pasen a estar cada vez máis preto da vista e preto do corazón.

O cambio é urxente, posible e humanamente necesario.